



**CONCELLO DE  
OLEIROS**

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extrato da convocatoria de axudas polo Concello de Oleiros para a asistencia a comedores escolares, cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións. (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index>)

**CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ASISTENCIA A COMEDORES ESCOLARES. CURSO 2017-2018.**

No marco das Bases de execución do Orzamento Xeral do Concello de Oleiros para 2017 aprobáronse as Bases específicas reguladoras das axudas para asistencia a comedores escolares. Ao abeiro das mesmas, a Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 22/09/2017, aprobou a correspondente convocatoria.

**Obxecto.-** A concesión de axudas para mantenza en comedores escolares de Centros Públicos de Ensino de Oleiros, xestionados polas ANPAS, no curso escolar 2017/2018.

**Beneficiarios.-** Representantes legais de alumnado matriculado nos devanditos Centros no curso escolar 2017-18.

**Financiación.-** Aplicación orzamentaria 2017/82.3260.48900 ata o límite de 35.100,00 euros.

**Presentación de solicitudes.-**

LUGAR: Rexistro xeral do Centro Cultural "A Fábrica".

PRAZO: 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no BOP.

**Outros datos.-**

- Límite da renda per cápita familiar no ano 2016 para poder acceder a estas axudas: 6.000 euros.
- Contía exacta que se concederá a cada alumno en función da renda per cápita da familia do solicitante:

RENDA PER CAPITA 2016	CANTIDADE QUE SE CONCEDE
De 0 a 2.300 euros	700 €
De 2.300,01 a 4.600 euros	380 €
De 4.600,01 a 6.000 euros	260 €

Oleiros, 25 de setembro de 2017.

A 1ª Tte. alcalde, delegada de Economía e Facenda.

Asdo/ Mª José Varela Neira

